


04 XANEIRO DO 2007 - NÚMERO 650

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS




Emilio Araújo
ACT IVIDA DESC ULTURAIS

Durante vinte anos, o filósofo Emilio Araújo fotografou a cociña dunha casa de aldea abandonada. O exercicio, que logo plasmou nun libro de distribución non venal e restrinxida, comezou de forma accidental e acabou por converterse nunha “fidelidade latente”, como el mesmo o define. O resultado foi un longo “poema obxecto” que tivo no misterioso *Igitur* de Mallarmé o seu compañeiro de viaxe. Araújo enfrontouse a unha “dolorosa experiencia de descenso” até o sepulcro dos devanceiros, nun proceso deliñado polos seus mestres –Badiou e Derrida–, afastado sempre do “pathos” romántico ou da encarnación cristiá. Descendeu ao sepulcro como forma de interrogar “a agonía do mundo rural”, convencido de que a agonía está cerca do nacemento, do parto. E a resposta foi unha pregunta “que cada un debe reinterpretar”. “A herdanza”,

Emilio Araújo

Constelación fría




engade, “nunca é un dato, un saber ou un patrimonio: a herdanza é un segredo e hai que reactivar o segredo filtrado. Somos a nosa herdanza e a interpretación que desa herdanza facemos”. Na vivencia destes vinte anos de traballo, Araújo liberouse de caer no “apreixamento pantasmático” grazas á transmisión da beleza ou, o que é o mesmo, grazas á propia construción do libro. Porque, tamén con Mallarmé, tratou de converter as tazas, os pratos, os cubertos, nunha “constelación fría” da idea, sen renunciar nunca á beleza, pois “sen beleza é imposible o efecto artístico”. O material, “que aspira ao inacabamento”, chega ás páxinas de Revista das Letras con toda a súa subversión, comezando pola reescrita do seu título –‘act ivida desc ulturais’– e a desestruturación das frases que perpetúan o poder. “Quero darlle ao mundo labrego unha subxectividade que nos interrogue. O libro e os obxectos nel dispostos son un berro, unha chamada”.





“Terrea, do xestamente 1986 en por si agarouxada cociña labrega, deica, co ruído do estar elí da neve contra as follas da porta, o 2006, murmurio mesturado dos derradeiros entrénqueles coa folerpando nela despedida destas imaxes, mesmo o sen sabandonado, mesmo en cada detalle o en, vinte cucos, así marchaban no, indistinto dos ombreiros, tempo strangado con plumas apegadas ós beizos, e aínda se for, se eiquí, unha ser soa ser dita posíble polo alento noción, co camiño dos gatos fai na neve o camiño unha cruz, neve e tocou e noite e aldea, aldea branquexando no xesto da enzaminada, da teimuda, da osamenta estonadas do sol do frío caras dalgún pensamento, monte toxo xesta carpazo vaise quedando tres dito tres veces, ou tamén, de traveso polos toupos longamente terra, ou aínda, fentamente de xullo arestora, no día da cuncha, de cuncha é hoxe a campá a tocar a defundo todo o día, pequena grande, pequena grande, pequena grande, pequena grande, e despois, deixar pasar, deixar pasar deixar pasar, como dunha herba a outra, na badalada na última, na, toupeneando nela, campá dispersada en infancia de lingua, todo o que cara a todos os lados mundo tempos reboleaga de inexistencia, dende eiquí, quitándolle unha a unha as espiñas abrazalo coa pelica das silvas, eiquí xa é o cozo da uz empezar ardido, lume queimou tamén a ponte de madeira, e coma se agora ata a

culler, para algúns chiscos de vida, quixeres comer, no entremouchos chegar elí polo rubindo da túa cara camiño dos mocos, se cadra envilgar, polo ollo da cobra pasou unha agulla, niso se cadra a viaxe en destapar os ollos cara ó burato da aldea, no peor, no sitio, no burato, esburriada dun gurapaldo en calquera peor sitio aldea burato, onde acaba o carreiro punta en cóbado cravada na porta, anoándose coma na memoria da palabra igual, sempre algunha sempre palabra, impersoalmente fasquela, prender coma a ruda, co nacer e todo o que se envilgaba na palabra igual, esparagallar o lume a derradeira palabra do día, esparagallar, hora do coa semente entre os dentes cribo, calado xa o casemente, cribo da desaparición, todo o que, por desaparición, fica da desaparición, todo o que, por desaparición, fica envilgado dunha inacabábel sinxelamente parte nesta, rabizada polo aire das mans arreguizadamente carta”

Emilio Araújo







Coordinación: A.R. López, S. Noia, Montse Dopico. Diseño: Signum. Fotografías: Emilio Araúxo.



11 XANEIRO DO 2007 - NÚMERO 651

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



**A ultradereita
arrabuña de novo o poder**

O recente ingreso de Romanía e Bulgaria na UE fai posíbel a formación no Parlamento Europeo dun grupo de extrema dereita, que integrarían varios partidos: o austríaco FPÖ, o romanés PRM, o francés FN, o belga VB, o búlgaro Ataka, xunto cun eurodeputado británico e dous italianos. Noticias coma esta revelan o notábel ascenso que a extrema dereita está a experimentar en Europa. Unha –semella que imparábel– escalada que sitúa as súas organizacións coma actores relevantes no sistema político, con elevadas porcentaxes de votos e, por veces, con responsabilidades de goberno nos estados. Este fenómeno esperta os medos á volta do fascismo e do nazismo, se ben a maioría dos expertos distingue entre os partidos neofascistas -case irrelevantes en canto á súa influencia no sistema- e as organizacións da extrema dereita postindustrial, denominadas de diversas formas, que comezaron a emerxer coa mingua do Estado do Benestar, ese

A ultradereita colle asento na UE

recurso que o capitalismo montou para frear o avance comunista e que empezou a liquidar cando caeu a Unión Soviética. Máis preto do neofascismo situaríanse as bandas de ‘skinheads’, desprezadas e rexeitadas pola extrema dereita, que se esforza en forxar unha imaxe de respectabilidade. Para iso, acoden a un discurso populista e simple que prenda nas conciencias de moitos cidadáns afectados por problemas que os partidos tradicionais non son capaces de resolver. O sinalamento do “outro” coma o causante de todos os males convértese, deste xeito, nun modo de atraer votos a cambio de ofrecer algo ao que agarrarse, aínda que sexa falso, nun mundo cambiante e complexo. O peso da ultradereita chega a ser tal que mesmo a dereita tradicional se converte en agocho dos seus militantes ao coincidir, en moitos casos, nos seus principios políticos. Neste monográfico, Revista das Letras revisa as raíces dun fenómeno que temos aquí mesmo, na porta das nosas propias casas.


Din que as oligarquías políticas e as institucións supraestatais lle están usurpando a soberanía ao pobo. Que a democracia se converteu nunha ficción da man de políticos corruptos e afastados da realidade. Con proclamas coma estas e líderes adestrados nas modernas técnicas do marketing político que repiten cun ton directo, brusco e desafiante as súas máximas racistas, a nova extrema dereita avanza en todo o mundo atraendo os electorados. A súa mensaxe sacraliza e mitifica a un “pobo” ao que exhorta a rexeitar o “outro”, os estranxeiros e as elites, aos que queren desprazar do poder con programas onde se reforza do poder executivo fronte ao lexislativo e se instaura o referendo como fórmula eficaz de democracia directa. A inmigración é identificada coa delincuencia e o paro, ao tempo que se usan argumentos emocionais contra a perda da identidade nacional.

A extrema dereita esperta as vellas pantasma do racismo e da xenofobia, axita os medos e domina as consciencias con simplificacións burdas de problemas reais que as democracias se amosan incapaces de resolver. O votante dos partidos da ultradereita é, segundo recolle Xavier Casals no seu libro *Ultrapatriotas. Extrema derecha y nacio-*

España ou como o demostra Sarkozy en Francia.

E é que a nova ultradereita tamén aprendeu as artes da camuflaxe e evita –ou dosifica segundo unha calculada conveniencia– as adhesións claras ao nazismo e ao fascismo. Co fascismo de entre guerras, por exemplo, mantén distancias de comenencia –segundo Casals– pola súa defensa dunha intervención mínima do Estado no mercado, que combina habilmente coa reclamación de medidas de protección social con preferencia para os “nacionais” e nunha ambigüidade ideolóxica que lle achega un espectro amplo do electorado.

Bert Klandermans e Nonna Mayer –autores de *Extreme right activists in Europe: through the magnifying glass*, baseado nunha serie de entrevistas con representantes de diversos colectivos de extrema dereita– aplican á análise do ascenso da ultradereita a teoría sobre os movementos sociais. Entre as causas que eles salientan figura a relevancia do sistema electoral –que dificulta a representación dos partidos pequenos–; a estrutura de oportunidades políticas –a fonda crise de confianza nos partidos tradicionais– e os dereitos e prohibicións legais –leis antirracistas, por exemplo–, ou as alianzas que, ás veces, se establecen entre



nalismo de la guerra fría a la globalización, predominantemente masculino, mozos urbanos que se definen como “antipolíticos”. A nova ultradereita populista colleita votos nun electorado interclasista de persoas que ven ameazado, ou efectivamente perdido, o seu *status* e a súa calidade de vida, ou freado o seu ascenso social, mentres os medios de comunicación contribúen a difundir informacións alarmistas que apelan aos máis arraigados estereotipos negativos.

O avance da extrema dereita, camuflada con frecuencia en partidos de dereita moderada e en asociacións que defenden os valores tradicionais ou católicos, fíxose imparable. En España, Portugal e Grecia os ultrapatriotas non presentan socialmente tanto éxito debido, segundo Casals, ao desenvolvemento tardío das políticas expansivas do Estado de Benestar, que non chegou a xerar o “voto de protesta” orixinado nas fortes tensións derivadas do seu desmantelamento; á restauración próxima dos réximes democráticos, de xeito que a desafección política non tivo tanto tempo para desenvolverse e, sobre todo, á competencia da dereita democrática que absorbe boa parte do discurso da extrema dereita, como subliñaron ultimamente os analistas en

distintas formacións políticas contra os partidos de extrema dereita.

Segundo o traballo de Klandermans e Mayer, os activistas de extrema dereita non amosaban o xa tópico perfil de mozos de baixo nivel educativo e extracción social modesta. “Non son nostálgicos de Hitler”, destacan, e “evitan facer formulacións racistas e antisemitas”. A súa familia transmítelles a nostalxia por un tan glorioso como inexistente pasado, idea que reforzan outros axentes de socialización coma mestres ou compañeiros. Din non odiar os estranxeiros, pero si defender a preferencia en dereitos para os nacionais: identifícanse cunha comunidade de sangue, cun territorio, unha lingua, cunha cultura, e non cunha raza. E rexeitan que se tomen as decisións sobre as súas vidas fóra das fronteiras do seu país. Klandermans e Mayer inciden, deste xeito, no contorno político e social dos activistas da extrema dereita coma un factor que inflúe no desenvolvemento desta tendencia, xa que pode favorecer ou dificultar a eficacia do discurso do líder carismático. A maioría dos expertos coinciden, non obstante, na súa análise das causas da volta da extrema dereita, que relacionan cunha serie de circunstancias políticas, sociais e culturais.

O historiador José Luis Rodríguez Jiménez resume no seu libro *La extrema derecha europea* os factores explicativos do ascenso dos extremistas, en primeiro lugar o discurso xenófobo e a renovación da ultradereita. “Os inmigrantes procedentes de países pobres son presentados, pois, como parásitos, dado que supostamente quedan cunha parte da riqueza nacional e non achegan nada á sociedade, e como prexudiciais para a identidade cultural e a seguridade interior dos países occidentais, cuxos habitantes eludirían así calquera responsabilidade polos problemas que lles afectan”, escribe este autor.

Rodríguez Jiménez lembra que até a fase de recesión económica que seguiu á crise do petróleo do 1973 os traballadores estranxeiros foron considerados man de obra barata, necesaria e pouco conflitiva. Pero os anos de crise trouxeron consigo a imposición das teses da preferencia nacional, mentres o fluxo da inmigración non disminuía debido á deteriorada situación económica e política dos países en vías de desenvolvemento, o empeoramento do nivel de vida dos cidadáns do leste tras a caída do bloque comunista –causa tamén dunha crise de valores–, o rexeitamento por parte dos europeos occidentais de determinados traballos e a atracción que supón a imaxe do Primeiro Mundo a través da televisión e, por último, os relatos dos éxitos de veciños emigrados que conseguiron ascender socialmente no país de acollida. As políticas restritivas en materia de migración únense coa pobreza nos países do Terceiro Mundo para crear ademais vagas de inmigración ilegal das que se derivan situacións de marxinação social nos países de destino.

A degradación das condicións liberais polo influxo do neoliberalismo ■ Rodríguez Jiménez apunta, en segundo lugar, o peso cada vez maior do ultranacionalismo, que se desenvolve nunha época de elevado paro estrutural, déficits presupostarios nas contas públicas, baixo crecemento económico, descenso pronunciado da natalidade e, sobre todo, desmantelamento parcial do Estado de Benestar que o capitalismo construíu en Occidente como resposta aos beneficios comunistas. Todas estas circunstancias coinciden no tempo co proceso de globalización e de construción da Unión Europea. O capitalismo postindustrial, animado pola ideoloxía neoliberal, degrada as condicións laborais, reduce persoal ao abeiro de procesos de reconversión e esixe mobilidade física, flexibilidade e capacidade de adaptación ás esixencias da demanda e aos avances tecnolóxicos. A estabilidade laboral e as expectativas de ascenso na empresa tórnanse incertas ou inexistentes. Nas cidades medran os barrios marxinais. Todo isto fai que “moitos individuos se sintan atraídos pola promesa da extrema dereita de proporcionar unha nova identidade colectiva, seguridade e solucións sinxelas aos grandes problemas”, apunta Rodríguez Jiménez.

O voto de protesta é o terceiro dos factores apuntados por este autor. Os cidadáns apostan pola democracia como forma ideal de goberno, pero amósanse insatisfeitos co seu desenvolvemento práctico. Os casos de corrupción, as promesas incumpridas, a non resolución de problemas fundamentais e a burocratización dos partidos políticos afastan os votantes dos seus representantes. Aproveitando estas circunstancias, a extrema dereita constrúe un discurso antipolítico capaz de atraer o electorado de todas as idades e clases sociais, aínda que predominen obreiros e clases medias.

Piero Ignazi, na súa obra *L'estrema destra in*

Europa, recalca que o ascenso desta familia política se debe a unha mutación conxuntural e estrutural da sociedade, e non a causas económicas relacionadas coa crise do traballo. Segundo este autor, a precaria calidade de vida dos sectores marxinais ou en vías de marxinalización e a degradación da periferia urbana non conducen necesariamente ó voto a extrema dereita se non media un sentimento de estar sendo abandonado por parte do Estado, dos partidos e dos sindicatos, claves en a todo o sistema democrático. A nova ultradereita medra, subliña Ignazi, a partir dunha crise política das democracias e dun cambio cultural, de valores, non dunha suposta dinámica atribuíbel á diverxencia de intereses entre clases sociais. A chave sitúase na volta da moral tradicional, no triunfo da preocupación por unha seguridade e a identidade nacional supostamente ameazadas pola inmigración, na perda da rede asociativa nunha sociedade individualista e no distanciamento da política e do mundo.

Como o neoconservadorismo beneficia a extrema dereita

■ Ignazi explica o ascenso da nova extrema dereita a partir de varias condicións favorecedoras, entre elas o éxito do neoconservadorismo, defensor do mercado e contrario á intervención pública na economía e ó Estado de Benestar, e promotor dos valores tradicionais. Os partidos da dereita tradicional absorben, segundo o analista, as ideas neoconservadoras de xeito que se incrementa a súa distancia ideolóxica respecto da esquerda. Logo radicalízanse para evitar que lles xurdan partidos competidores no voto do electorado de dereita máis radical. Pero nada pode frear os partidos de extrema dereita e estas formacións acaban atraendo o electorado tradicional da dereita moderada ou, mesmo, do centro. Prodúcese así, un movemento centrífugo de todo o sistema de partidos cara á dereita.

Maior repercusión no ámbito rexional e no local

■ Pippa Norris matiza as conclusións do resto de investigadores no seu libro *Radical right: voters and parties*, que contrasta as principais hipóteses sobre o ascenso da ultradereita con datos estatísticos. Apunta que o sistema electoral afecta máis á tradución dos votos en escanos que ao número de votos en si, e que iso é o importante, porque ao obter escanos a extrema dereita consegue lexitimidade, recursos económicos, acceso aos medios... Se nun sistema maioritario os partidos pequenos saen prexudicados, isto débese máis ben –segundo Norris– ao efecto psicolóxico derivado do medo a que o voto se perda, e por iso teñen máis posibilidades en eleccións rexionais ou locais que nas xerais. Salienta, tamén, que a maior xenofobia non se dá moitas veces nos territorios máis pobres, onde hai máis inmigración, paro ou diversidade étnica, senón onde máis se percibe, independentemente dos datos reais, os inmigrantes como ameaza, e consecuentemente deféndense políticas restritivas contra a inmigración.

Por outra banda, Norris advirte contra a excesiva crenza na tese do desencanto cos partidos tradicionais, pois a extrema dereita non explota tanto o discurso antisistema cando, por exemplo, logra entrar no goberno ao formar coalicións con outros partidos. Tamén pide que non se xeralice sobre a mentalidade e valores de todo un país a partir das ideas dos votantes da extrema dereita. Por último, amosa que o aumento da distancia ideolóxica entre dereita e esquerda non crea necesariamente espazo para a extrema dereita.

Xavier Casalls explica en *Ultratriotas* a historia dos principais partidos da extrema dereita. O ascenso do partido de Le Pen en Francia supón un dos exemplos máis representativos do éxito que está a acadar a ultradereita en Europa. A Fronte Nacional (FN) de Le Pen foi promovida nos anos 70 por unha organización neofascista interesada en reagrupar toda a extrema dereita francesa baixo as súas siglas. Le Pen logrou expulsar do FN os neonazis, e centrou o discurso no debate sobre a inmigración e a identidade nacional. A chegada de Mitterrand á presidencia radicalizou un sector da dereita e, en resposta, Mitterrand promocionou ao FN para dividir a dereita. A progresión electoral de Le Pen foi facilitada, segundo explica Casalls, pola lei de representación parlamentaria proporcional, tamén promovida por Mitterrand para dividir á dereita. O FN logrou ampliar o seu electorado obtendo un apoio interclasista cunha elevada presenza de voto obreiro. O partido mantivo unha retórica antipolítica, crítica cos partidos tradicionais da dereita e da esquerda e defensora da democracia directa.

En termos económicos, tentou situarse nunha posición nin anticapitalista nin ultraliberal. Le Pen foi o candidato da dereita máis votado na primeira volta dos comicios presidenciais do 2002. Pasou á segunda volta e obtivo o 17,8% dos sufraxios. As diferenzas entre Le Pen e o número dous do partido, Mégret, derivaron na constitución en 1999 do Movemento Nacional Republicano, (MNR), que obtivo varios descalabros electorais.

Escandinavia como caldo de cultivo do

ultranacionalismo ■ Escandinavia tampouco se librou do ascenso da extrema dereita. Finlandia contaba a primeiros dos anos setenta cunha formación populista de ultradereita, o SMP, que logrou mobilizar o voto rural e logo o urbano cun programa contrario á modernización. Pero nos 90 o SMP fracasou ao tentar apelar á xenofobia. En Dinamarca, o avogado Mogens Glistrup fundou o Partido do Progreso Danés, (FrP), centrado na insubordinación fiscal. Glistrup tentou introducir, para ampliar o electorado, elementos da esquerda libertaria, pacifista e antimilitarista, pero este xiro chocou coa ideoloxía da maioría dos seus seguidores, preocupados por facer fronte á “ameaza” comunista. Entón optou por defender a exclusividade do Estado

de Benestar para os daneses, a restrición da entrada de inmigrantes e a orde pública. Unha escisión do FrP, o Partido Popular Danés (DF), desprazou electoralmente ao FrP, converténdose no 2001 na terceira forza do país cunha retórica anti inmigración e islamofóbica que triunfou tras os atentados en Nova York do 11- S.

En Noruega tamén se desenvolveu un Partido do Progreso, que xurdiu a partir da iniciativa de Anders Lange, partidario da redución de impostos e da non intervención do Estado na economía cun discurso antipolítico. A finais dos 70 o novo secretario xeral, Hagen, reorientou o partido, logrando convertelo na terceira forza política norueguesa nos comicios llexislativos do 2001. O FrP noruego subiu nas eleccións debido a que a súa mensaxe de aposta polo libre mercado, a restrición da inmigración e da axuda ao Terceiro Mundo e o endurecemento das medidas penais achou unha boa acollida nunha economía que pasou de ser produtiva a financeira tras descubrirse no país depósitos de petróleo. O FrP medoru defendendo o Estado de Benestar só para os máis débiles, e asociando inmigración e delincuencia.

En Suecia a Nova Democracia, (ND), foi fundada nos anos 90. Obtivo bos resultados electorais cunha mensaxe antipolítica e un acertado uso do márketing político. Pero volveuse marxinal ao apostar pola antiinmigración. A ausencia de liderado, a crise económica, e o seu ofrecemento de formar parte dun goberno non socialista de entrada –a diferenza dos partidos do Progreso–, que o asimilou ás políticas impopulares do Executivo, propiciaron o descenso deste partido, ao que ademais o sistema electoral lle facía máis difícil que á extrema dereita norueguesa e danesa entrar no goberno.

En Noruega e en Suecia beneficiara á extrema dereita o feito de que gobernos non socialistas mantiveran altos os impostos e deixaran, así, un espazo para a dereita. Apareceulle, ademais, un competidor, o Partido Liberal, contrario á inmigración. O declive da socialdemocracia e o tránsito dunha sociedade industrial tutelada e que xera sentimentos de seguridade a unha postindustrial que valora a asunción de riscos, maximizados coa globalización, pode explicar a boa acollida dos Partidos do Progreso, que pasaron de opoñerse aos impostos a rexeitar os inmigrantes e reservar a política social para os nacionais pobres.



Christoph Blocher, líder da UDC da Suíza, un partido da ultradereita que goberna en coalición a confederación

En Bélxica desenvolvéronse tres ramas da ultradereita, unha flamenca, outra valona e outra “belxicista”. A primeira xerou a poderosa formación política Bloque Flamenco, (VB), a segunda non obtivo moito éxito electoral e a terceira áchase representada pola Fronte Nacional, (FN). Roger Nols creou a Clube NOLS, que difundiu mensaxes xenófobas que favoreceron o xurdimento nos anos 90 de formacións da ultradereita postindustrial, o Partido das Forzas Novas (PFN) e a Fronte Nacional. O segundo impúxose sobre o primeiro, rexeitando a inmigración e a política e defendendo a cultura belga. O FN sufriu unha escisión que lle deu lugar á formación do FNB. A ultradereita flamenca conformou o Vlaams Blok. O VB é o resultado da alianza de varias formacións de ultradereita que se uniron nos anos 70. Proclamaba ao seu inicio ideas bioloxicistas e racistas e anticomunistas. Pero o discurso antifrancófono resultoulle máis eficaz. Nos anos 90 o VB abandonou oficialmente o racismo ao tempo que renovaba os seus líderes. Afirma opoñerse non a todos os inmigrantes, senón só os ilegais. Quere unha Bélxica independente, dado que a maioría da poboación do país é flamenca, e que os valóns vaian polo seu lado. O VB tense aliado coa dereita francófona do FN. O partido non renunciou a xogar cun discurso filonazi.



centrouse na inmigración, o medio natural e a identidade cultural. Tras ser acusado de fraude electoral e declararse en bancarrota, pasou a chamarse Partido de Centro'86 (CP'86), e a amosar un discurso filonazi –defende a pureza da raza holandesa– que o levou ao declive electoral. O CD criticaba a democracia parlamentaria e amosábase partidario da democracia directa, e clamaba contra a inmigración, avogando por medidas de preferencia

nacional á hora de repartir o emprego. Achegouse ao ecoloxismo para despois abandonalo e predicou valores conservadores sobre o sexo. Pero CD e CP'86 sufriron un declive nos 90

O caso paradigmático de Pim Fortuym ■

No 2000 xorde unha candidatura de dereita radical populista, a Pim Fortuyn, nada do partido Holanda Habitable. Asasinado o seu líder, esta lista (LPF) converteuse na segunda do país nas eleccións dese ano e entrando a formar parte do goberno. O LPF non era xenófobo nin retrógrado en canto a valores, aínda tiña preferencia nacional

nos servizos do Estado de Benestar e afirmaba que en Holanda non cabían máis inmigrantes. As súas críticas á intolerancia do Islam foron as máis conflitivas e Pim Fortuym, o fundador do partido, caía asasinado no medio das rúas tras sufrir o atentado dun fundamentalista enfurecido.

A Alemaña tamén tivo o seu rexurdir da extrema dereita. O DRP, creado nos anos 40, centrou as súas reivindicacións ao redor da reunificación do país, e combinou vellas ideas como a xerarquía, a Gran Alemaña e a rehabilitación do nazismo, con temas máis novos, nos anos 60, coma a inmigración e o antiamericanismo. O DRP transformárase no Partido Nacionaldemocrático Alemán, (NPD), que reuniu numerosos grupos da extrema dereita. O NPD afastouse da violencia e do antisemitismo, asumiu o liberalismo económico ó servizo dos “pequenos” e aceptou as novas institucións da RFA. Favoreceu a este partido a irrupción da esquerda radical, que asustou os partidarios da “lei e orde”.

Como o neoconservadorismo beneficia a extrema dereita ■

En Holanda naceron nos anos 80 o Partido de Centro (CP) e os Demócratas de Centro (CD). O CP sitúase máis preto da dereita tradicional, mentres que o CD se decanta pola denuncia da inmigración e o do multiculturalismo como temas principais da súa retórica. O CP

O caso de Suíza

Raimundo Viejo repasa nun artigo publicado na revista *Tempos Novos* o caso suízo. “Coa era da globalización”, escribe, “ábrese unha crise sen precedentes no Estado. A Confederación Helvética non escapará ás tensións que provocará a posta en marcha das políticas neoliberais”. A UDC inicia o seu ascenso, segundo este autor, unha vez que comeza a globalización neoliberal. O crecemento deste partido obriga os partidos do establishment a aceptar medidas orientadas a reforzar a dinámica da insolidariedade entre os que teñen -traballo, papeis, teito- e os que non. Viejo apunta que este país supón un modelo de democracia descentralizada e pluripartidista.

Desafección

As taxas de participación electoral son, porén, moi baixas en Suíza. Isto reflicte un alto grao de desencanto coa política, que ten que ver, segundo Raimundo Viejo, cunha realidade política distinta da predicada polo “mitoloxema lexitimador do réxime político”. O sufraxio universal para maiores de 18 anos acadouse no 1971, igual que o das mulleres. Os emigrantes de primeira xeración domiciliados en territorio suízo non teñen dereito a voto, e os dereitos e liberdades resultan limitados en comparación cos países do contorno: o dereito á manifestación, por exemplo, só existe baixo a forma legal dunha autorización puntual.

O NPD beneficiouse tamén do descontento dos traballadores temerosos da proletarización e coa apertura á RDA. Pero acabará fracasando debido a crises internas e á ruptura da coalición entre socialdemócratas e democristiáns, que o favorecera ao deixar na oposición un só partido. Os cambios sociais dos 80 favoreceron a revitalización da ultradereita: o paro, o fluxo de demandantes de asilo do Leste... A DVU defendeu nestes anos ideas ultranacionalistas, o racismo e o Terceiro Reich, pero non era antiamericano coma a NPD. Pero os mellores resultados electorais acadounos o partido Os Republicanos, preocupado polo paro, o déficit estatal, a inmigración e a “identidade nacional”. Coa unificación alemá complicouse o mapa político, quedando menos espazo para este partido na “antipololítica”, que pasou a compartir con outras organizacións; coma a CSU de Stoiber, abertamente racista, e a Liga dos Cidadáns Libres, contraria ao tratado de Maastricht e centrada na seguridade e nas restricións en materia de asilo. A NPD busca a militancia neonazi xuvenil, mentres a DVU e Oss Republicanos asocian inmigración con drogas, delincuencia e paro. No 2001 incorpórase á competencia electoral o PRO, defensor da seguridade.

En Austria destaca a FPÖ de Haider. Ten a súa orixe nunha liga de ex nazis. Haider centrou a mensaxe do partido na inmigración, a denuncia das elites políticas tradicionais e o sistema clientelar dominado por socialdemócratas e conservadores. Tamén reclamou a contención da inmigración ata que baixara o paro, reivindicou aspectos positivos do nazismo e un nacionalismo austríaco que combina co panxermanismo. Na actualidade xa non é o líder da FPÖ, organización á que lle provocou varios problemas internos.

En ITALIA hai que salientar a Liga Norte de Bossi. Este partido acusaba o Sur do país de ser coma un parasito auspiciado polo goberno de Roma, que

denunciaba como corrupto e afastado dos problemas do país. Era unha organización racista e partidaria de políticas antiestatistas. Tras formar parte do goberno nos 90, pasou a reclamar a independencia do Norte, -ao que denomina Padania e define como nación- a atacar o Islam, a inmigración ilegal e a UE.

Pero Italia conta cunha historia da extrema dereita máis antiga. O MSI foi creado nos anos 40 por mozos

fascistas. Nos anos 60 esta organización renovou o seu discurso, abandonando os elementos fascistas. Nos 90, tras o fracaso da estratexia de achegarse á esquerda cun discurso anticapitalista e antiamericano, Fini tomou as rendas do MSI para convertelo en AN. Este partido avoga pola seguridade, a moral tradicional, a

economía de mercado e a protección dos máis débiles, pero non se opón aos inmigrantes sempre que sexan legais.

No 2001 converteuse en vicepresidente no goberno de Berlusconi, fundador de Forza Italia, (FI). Este partido foi impulsado mediante un sofisticado márketing político e co apoio dos medios de comunicación controlados por Berlusconi, que promoveu o FI polo temor a que a esquerda chegara ao poder a acabara co seu tramado empresarial, baseado na corrupción. Forza Italia preséntase como un colectivo de xestores non interesados no poder senón en imprimir eficiencia ao Estado, e amosa un populismo sen ningún contido ideolóxico claro, baseado en apelacións á unión de Italia, á soberanía da opinión pública, ó plebiscitarismo, ó derito de cidadán a revocarlle o mandato ó representante se non cumpre. A comunicación directa entre administrado e administrador é un dos seus eixos principais.



Europa do Leste

O racismo e a xenofobia diríxense en Europa do Leste contra as minorías étnicas e relixiosas, sobre todo contra xudeus e xitanos. A caída do comunismo crea unha crise de valores e un caos social e económico que favorecen o ascenso da extrema dereita. Destaca polo seu discurso antisemita e nacionalista radical o Partido da Gran Romenia, (RM). Esta organización utiliza nas súas campañas unha retórica baseada na teoría da conspiración de Estados Unidos e Israel para crear un Estado xudeu en Europa do Leste. Semellantes ao anterior son o Partido Croata, o Partido Radical de Serbia, o Partido Nacional de Eslovenia e o Partido Republicano da República Checa.

Rusia

A extrema dereita rusa invoca a necesidade dun goberno autoritario para afrontar os problemas económicos do país. Critica o capitalismo liberal, ao que non considera unha alternativa ao comunismo senón causa do paro, do consumo de drogas, da criminalidade e da falta de fogares. A ultradereita aproveita o descontento provocado polo caos posterior á caída do comunismo, e afirma que del se benefician Europa e Estados Unidos. Busca a solución na cultura rusa, repetindo que o país foi traizoado polas elites e que é necesario recuperar os territorios perdidos e para iso fortalecer o exército, único modo de impedir que Estados Unidos e o sionismo dominen o mundo.


Na páxina anterior, neonazis concentrados na Alemaña. Nesta páxina, a neta de Benito Mussolini, Alessandra Mussolini cos líderes da ultradereita italiana, Roberto Fiore (esquerda) e Adriano Tilgher (dereita)

Coordinación: A.R. López, S. Noia, Montse Dopico. Deseño: Signum.

Na portada, ultradereitistas españois manifestándose pola 'Unidade de España' durante as eleccións vascas. Contraportada, manifestación racista en Sidnei

A “periferia” da política. Así son considerados os skinheads pola maioría dos autores. O movemento skin apareceu en Gran Bretaña a finais dos anos sesenta, en barrios obreiros de Londres e Manchester. Nun principio, bebeu de dúas fontes: a dos mozos xamaicanos e a dos mozos obreiros brancos. Esta converxencia de influencias reflectiuse na música Ska, que baixo o influxo do Punk a finais dos anos setenta deu paso á música Oi. Nos anos 70 a alianza entre brancos e xamaicanos rompeu, e os cabezas rapadas comezaron a atacar aos negros. Pero a clara politización do movemento non chegou ata os anos oitenta, principalmente nos estadios de fútbol e impulsada polo Fronte Nacional británica. Aproximación entre hooligans, skinheads e seccións locais do NF foi favorecida a través do grupo musical Skrewdriver, potenciado por esta formación política, promotora tamén do selo discográfico

White Noise, difusor da música Oi neofascista. Xurdiron tamén entón os Red Skins, de esquerdas e antifascistas, e numerosos cabezas rapadas ingresaron en bandas comunistas ou troskistas. A cultura skin estendeuse de modo visíbel por toda Europa nos anos 80. Así explica Xavier Casals a historia do movemento skinhead no seu libro ‘Neonazis en España’. Manuel Florentín analiza na súa Guía da Europa Negra a relación entre mocidade e fascismo. Segundo recolle neste libro, o historiador George Mosse afirma que os mozos skins “descoñecen o nazismo”. Para Ernst Nolte, a violencia Skin ten mais que ver co fenómeno hooligang que coa política.



O sociólogo Wolf Lepenies pensa que son só grupos marxinais que expresan o seu descontento coa simboloxía nazi e unha pose violenta. O psiquiatra español Leopoldo Ortega opina que é un caso de rebeldía xuvenil grupal. A simboloxía nazi é só un modo de dotarse de señas de identidade que conlevan unha aureola de poder e forza. Asumen componentes nazis coma o racismo, pero non teñen unha ideoloxía moi definida. As bandas de skins actúan, segundo Florentín, de forma espontánea e por iniciativa propia. A pesar da súa retórica antisistema, o que pretenden é beneficiarse dos logros da sociedade e do consumismo, pero isto é difícil debido ao paro. Entón recorren ao estranxeiro coma chivo expiatorio. Pero o seu espírito contestatario xuvenil pode ser instrumentalizado polos partidos de extrema dereita. Os skins, ataviados con botas militares, cazadoras de coiro e simboloxía nazi, rondan entre os quince e os vintecinco anos, son, segundo Florentín, de extracción

humilde, viven nos extrarradios das cidades, non teñen traballo ou trampean no mercado negro laboral, e tampouco estudan.

Este autor liga tamén o movemento skin ó fenómeno dos forofos do fútbol, explicado por algúns sociólogos como unha forma na que os individuos canalizan a súa violencia social, pero tamén como un xeito de chamar a atención e de escapar ao anonimato. Tratan de conseguir a respectabilidade por medios do temor que causan na sociedade. Florentín

conclúe que a extrema dereita está a rexurdir en Europa porque é a propia sociedade a que mudou, volvéndose máis receptiva á xenofobia. O etnocentrismo europeo mantense forte, e produce efectos devastadores en épocas de recesión económica e cambios políticos e sociais.

Montse Dopico/A.R. López

Estados Unidos

As organizacións de extrema dereita son, segundo escribe José Luis Rodríguez en *¿Nuevos fascismos?*, en Estados Unidos máis febles que en Europa, pero contan coa vantaxe de que as súas ideas son compartidas por gran parte da sociedade: fundamentalismo relixioso, racismo branco, nacionalismo e fetichismo polas armas. Parte das súas metas foron asumidas polo Partido Republicano. A referencia é o Ku-Klux-Klan, xurdido dun intento da poboación branca por recuperar a supremacía fronte aos negros tras emanciparse. Este movemento, a pesar de decaer nos anos 80, segue a influír no extremismo de dereita, ao que lle achegou símbolos, rituais e a idea de pertenza a un colectivo cunha identidade diferenciada.

Neonazismo americano

Os grupos estritamente neonazis teñen unha audiencia reducida en Estados Unidos entre os nacionalistas de extrema dereita. Nos últimos anos, estes colectivos tratan de atraer a militancia dos cabeza-rapadas. Afirmen que a suposta crise nacional se debe ao declive da pureza racial, ao principio de igualdade ante a lei e á concesión de dereitos civís ás minorías. Rexeitan os xudeos, hispanos e asiáticos por seren, din, “delincuentes por natureza”. E ademais, insisten, quítanlles a eles o traballo. A dereita radical americana está moi ligada ao fundamentalismo relixioso. Nos anos 60, a John Birch Society aunou anticomunismo, racismo e antiestatismo con moral tradicional do país.

18 XANEIRO DO 2007 - NÚMERO 652

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Touros



Contrariedades


dos touros e das touradas en Galiza

“As touradas carecen de tradición en Galiza”, defende o escritor Xosé Lois García neste longo artigo que hoxe publicamos en ‘Revista das Letras’, acompañado do manifesto antitaurino que publicou Ecoloxistas en Acción. O traballo de Xosé Lois García, porén, non é un alegato analítico sobre o costume do toureo senón unha completa esculca histórica nas numerosas manifestacións antitaurinas en Galicia, desde o cardeal Rodrigo de Castro –o monfortino que foi arcebispo de Sevilla– ao Padre Feijóo ou Frei Martín Sarmiento, pasando por Wenceslao Fernández Flórez e unha longa listaxe de testemuños. O resultado é unha divertida e documentada viaxe polo fervor antitaurino dos galegos.

Aos meus seis anos de idade, conmoveume unha carta do Pepe do San Roque, emigrado no Brasil, que foi lida aos veciños debaixo do meu frondoso castiñeiro de Merlán e na que recomendaba que á vaca acabada de parir lle protexeran as costas da friaxe e aos bois de xugada se lle puxeran as sogas da molida frouxas para que non sufriran. Máis tarde entendín o debuxo de Castelao do *Álbum Nós*, con aquel boi setado por un toureiro e a exclamación do labrego: “Que lástima de bois!” O que me promocionou amar máis ao noso vacún e entender o amor e o respecto que se ten na Galiza por estes animais, que tanto aportaron a nosa economía de subsistencia, foi no servizo militar cando un parvallán do sur burlábase dun soldado galego, dicíndolle: “Me despedí de Maruxiña y no lloré, pero al despedirme de la vaquiña la besé”. Esta burla é patética, mais no fondo da cuestión é entenrecedora e mostra de como as vacas e os bois formaban parte das benquerencias familiares e, polo tanto, dun grande e agarimoso respecto.

Non é novo o desprezo a quen menospreza o gando vacún e isto amósano moitos dos intelectuais e clérigos galegos, sempre en boa disposición para anatematizar e censurar as touradas e o desprezo que había polos touros. O poderoso cardeal de Sevilla, Rodrigo de Castro Osorio (1581-1600), da liñaxe dos Condes de Lemos, contribuíu a que a bula de Pío V: *De salutis gregis dominici*, na que se prohibían aos católicos españois, con pena de excomuñón, participar nas corridas de touros. Rodrigo de Castro, sendo bispo de Cuenca (1578-1581), foi un xerarca que teimou en levar a cabo esta disposición sendo cardeal de Sevilla, a que o papa Sixto V se aferrase a practicar severamente a bula do seu antecesor, prohibindo as touradas. Isto acontecía en 1583.

Rodrigo de Castro tivo enormes litixios coa cidade hispalense polas drásticas prohibicións que impuxo e os rexedores sevillanos acudiron á autoridade de Felipe II. Quizais a teima anti taurina que tiña o influente cardeal, lle veña pola súa cultura galega de amor a ese animal tan necesario que el mesmo viu axudar aos labregos carrexando os produtos do campo. Ou a evocación que se lle fai na iconografía románica,



evocando e caracterizando ao boi como símbolo solar, representación do sacrificio de Cristo, e como alegoría e gratitude dos bois que transportaron bloques de pedra para construír igrexas. O cardeal Rodrigo de Castro coñecía os feudos labregos dos Lemos. Ele foi capellán vitalicio de Pinol (Sober) e de San Martiño da Cova (Saviñao), polo tanto, coñecía puntualmente o respecto ao gando vacún que tanto aportaba á economía de pobres.

Lendo *España contemporánea* de Rubén Darío, chamoume a atención unha observación que fai sobre esta materia, ao dicir: “Jovellanos, en su carta a Vargas Ponce, no tuvo empacho en sostener que la diversión no es propiamente nacional, porque Galicia, León y Asturias han sido muy poco toreras.” O ilustrado Melchor de Jovelhanos coñecía moi ben os ambientes agrí-



colas de Galiza e, polo tanto, tivo unha posición frontal contra as prácticas da tauromaquia. Esta súa opinión, remarcada por Darío, condúcenos a constatar unha cultura antitourina e, xa que logo, lévanos a un máximo expoñente como foi o Padre Sarmiento. E o que el expuxo merece atención en cada unha das súas consideracións antitaurinas. Antes de entrar en materia reseñemos un texto de José María de Cossío, que di: “Era gallego el P. Sarmiento, es decir, de una región en la que, como en todas las del norte de España, el ganado vacuno es el género de animal doméstico más manoseado, estimado y familiar. Creo que este hábito de considerarle tal es la raíz, por así decirlo, sentimental de su enemiga al cruel espectáculo en la que se le sacrifica”. E partindo desta previa, atopamos ao Padre Sarmiento loando á Galiza das non touradas, e remarca os acondicionamentos seguintes: “Por

Selos do centenario do cardeal Rodrigo de Castro, un dos máis firmes abolicionistas das festas dos touros

estar tan repartido y tener cada labrador pocas cabezas, las alimenta a mano, y sin necesitar de vaquerizos ni pastores". Nestas relacións contrapostas entre o norte e o sur peninsular, o Padre Sarmiento confírmase como un valedor de suprimir as touradas, tomando a Galiza como referencia e exenta desa cultura grotesca que se usaba no Madrid do século XVIII, no cal vivía e coñecía, onde observaba grandes desfeitas e desasosigos na poboación, cando di: "No hay corrida de toros que no tenga sus vísperas y tornavoda. Quiero decir que cada una vale por tres días de ociosidad perdida o festiva. La víspera, porque se espera, el día, porque se ocupa, y el día inmediato, porque se descansa de la fatiga de haber voceado y gritado". Dada a inutilidade que remarca Sarmiento, as corridas tiñan outros problemas de tipo moral e a súa censura non se deixou agardar: "Añádase a lo dicho de la bárbara y sanguinolenta corrida de toros, el libertinaje e indecencia de asistir a ella hombres y mujeres entreverados y aun unidos; eso ni ha venido de los páganos y menos de los moros, que tienen tanto cuidado de retirar sus mujeres; ni de los cristianos por lo que hacían en los templos, baños, y hoy en los teatros, y en los rosarios y procesiones".

O Padre Sarmiento insistiu que a amoralidade das corridas de touros, polas que se intentaba integrar a persoas de baixa cultura, tiñan unha sádica proclama que o bieito incide: "Lo que se dice que con las corridas de toros se forman los ánimos marciales y militares, es una engañifa de los diablos, con la cual y con el título de devoción quieren cohonestar las bárbaras y sanguinarias corridas de toros". A dialéctica antitaurina do Padre Sarmiento pode que se condense nestas palabras súas: "Soy de ese mismo dictamen: que haya diversiones, pero no perversiones".


Se no século XVI un galego, como o cardeal Rodrigo de Castro, moveu Sevilla con Roma e

tentou eliminar as festas taurinas por medio de bulas papais, prohibición e condenas de excomuñón, detrás de todo isto estaba a inercia cultural galega; as boas maneiras de respectar a un animal como os bois que tanto achegaron á economía labrega de Galiza. Nestas mesmas coordenadas e xa no século XVIII, o Padre Sarmiento, con toda a súa fresca intelectual, convértese nun dos instigadores máis prolíferos contra a chamada "festa nacional".

Outro bieito galego contemporáneo ao Padre Sarmiento, como foi o Padre Feixoo, no seu discurso: "Honra y provecho de la agricultura", entra de pasada na utilidade do touro e maniféstase contrario ás corridas. A prédica destes dous monxes galegos contra os touros abriu conciencias, sobre todo, a do Padre Sarmiento, na sociedade madrileña do século XVIII e isto permitiu que no XIX, houbera grandes detractores en proclamar unha dialéctica antitaurina.

Os contras e os pros avivaron moitas exposicións contra a barbarie que se facía cos touros nas prazas públicas. Mesmo a mesma raíña María Amalia de Sajonia, esposa de Fernando VII, o vetusto rei a quen tanto lle agradaba o sangue dos touros e dos toureiros, compuxo os seguintes versos ante taurinos: "Mas que le guste a quien quiera/ ya jamás había de ir/ a un peligro de morir/ porque otro se divertiera;/ el exponerse a una fiera/ por librar a algún hermano,/ es un acto noble, humano;/ mas el ir por diversión/ a todo hombre de razón/ es un proceder insano". Esta opinión desde a propia corte revela a confusión e as intrigas que había entre os que apostaban por este espectáculo e os que se opoñían ao mesmo.

É curioso que no Madrid do século XIX atopamos moitos galegos que se deixaron seducir polo espectáculo taurino e foron os seus irreversíbeis fieis e defensores. Nesta cuestión, lembremos a varias figuras que desde os centros



A serie das tauromaquias é un dos traballos máis coñecidos de Goya

urbanos galegos chegan a Madrid e amparan o que se detesta na Galiza. Isto é comprensíbel se verificamos que o medio urbano galego estaba divorciado como medio rural e con persoas que marcaron unha denodada oposición como o caso de Rodrigo de Castro, Sarmiento e Feixoo, procedentes dunha vía e dunha visión ruralista na que se amaba e respecta o gando vacún.

Cándido Nocedal (A Coruña, 1821-Madrid, 1885), ministro da Gobernación na ditadura do xeneral Narváez en 1856, e mais tarde afiliado ao Partido Carlista, foi un político sumamente reaccionario que escribiu unha destacada apoloxía en verso en favor da festa taurina. O caso de Nocedal é bastante claro, dado que a súa mentalidade afastada da vida e da convivencia labrega proclama as corridas taurinas e adquire na segunda metade do século XIX, un acento idiolóxico que se concreta en reivindicar e manter aquela España negra cargada de misteriosas e rudas tradicións ao redor do touro.

Manuel Fernández y González (1821-1888) foi outro galego que se parapetou en Madrid, considerado un novelista cuxa escrita estivo ao servizo e difusión das festas de touros. Fernández y González, autor de *Las glorias del toreo*, *Toros y cañas*, *El mocito de la Fuentecilla*, entre outros numerosos escritos taurinos publicados na prensa madrileña. Este escritor era irmán do ourensán, Modesto Fernández y González, protector de Curros Enríquez en Madrid.

Outro escritor galego, natural da Coruña, onde naceu en 1835, residente en Madrid e entusiasta dos touros foi Ricardo Púente y Brañas, autor teatral que escribiu unha zarzuela moi popular, titulada: *Pepe-Hillo*, dedicada ao famoso toureiro do século XVIII, morto por unha collida de touro en 1801.

A boa parte daqueles residentes galegos en

Madrid, que formaban parte dunha clase social adherida ao poder ou que formaba parte e vivía ao lado do poder, deixouse colonizar por aquel casticismo rancio da dereita que reivindicaba o españolismo valéndose das sinistras touradas. E neste espazo encontramos a Luís Taboada (Vigo, 1848-Madrid, 1906), este periodista destacou como articulista taurino e en 1892 publicou o famoso libro: *Siga la Fiesta*. Contemporáneo a Taboada e residente en Madrid, atopamos a Aurelio Varela Díaz, que escribiu na revista: *Madrid Taurino* e que en 1898 publicou uns poemas que se titulaban: *La Fiesta Nacional*.

Outros galegos de letras, enzoufados nas costumes mais retrógrados que se daban na real vila, quixeron espelirse de que os recriminaran de provincianos. Nestes lides vemos o culto clérigo, Antonio Rey Soto, que no seu libro de sonetos: "Nido de áspides" (1911), menciona a heroicidade do toureiro Machaquito.

Alberto Insúa, nacido en Cuba e fillo de galegos, cando pasa a residir a Madrid fica fascinado poa area e dela escribe un libro titulado: *La mujer, el torero y el toro* (1926).

Outro escritor que non é galego, Alejandro Pérez Lugín (Madrid, 1870-Culleredo, A Coruña, 1926), mais que veu vivir a Galiza, foi un defensor das touradas e protagonista de tantas promocións que realizou na cidade herculina. Este autor escribiu unha novela, titulada: *Currito de la Cruz*, e outros libros: *Gallito, el torero artista* e *Los Gallos*.

Nestes rexistros de galegos amantes da tauromaquia e que acataron con desvelo e divulgación as touradas madrileñas encontramos a Camilo José Cela, que fixo tantas referencias a tan castiza e venerada orxía de sangue na area.

Outro galego residente en Madrid e autor hu-



Á dereita, o Padre Feijóo. Á esquerda, Frei Martín Sarmiento, un dos primeiros defensores da vida do touro



humorista en castelán, Wenceslao Fernández Flórez, mantivo unha rotunda e fera oposición aos touros. Non soamente tiña ridiculizado as corridas de touros senón que foi un detractor permanente en coñecidos ensaios e artigos contrarios á práctica salvaxe das corridas. Sobre Fernández Flórez, escribiu José María de Cossío, “La naturaleza gallega del escritor, como sucedía con el padre Sarmiento, puede explicar esta posición”.

Que en Galiza nacera un mediocre toureiro, Cela Celita, e unha ducia de banderilleiros e outros corre prazas, nada indica de que Galiza tivera unha tradición polas corridas de touros. Aquela Coruña liberal e aristocrática con certas paixóns polo que en Madrid se cocía e que servía como referente a seguir, os esquemas fóronse extrapolando e aceptando as nefastas condutas centralistas. A Coruña foi un bo

exemplo de recepción daquela españolísima expresión. Nos centros urbanos houbo esa tendencia en disgregarse da Galiza rural e o tema das touradas puxo lindes e barreiras entre a estética ociosa e señoriteira coa de provocar aos que amaban o gando vacún, como un dos factores de riqueza que aportaban na súa axuda aos nosos labregos.

Ultimamente houbo unha tendencia na Coruña, a volver ás corridas de touros e a restituír a praza de touros. Isto estaba na cabeza de Paco Vázquez, o fiel promotor destas escuras e incomprendíbeis festas de sangue e furor deshumanizado dun machismo que non ten cabida nunha sociedade libre que ten que aspirar que os demais seres sexan libres.

Xosé Lois García

Barcelona, unha cidade antitaurina

O Concello de Barcelona converteuse no ano 2004 no primeiro municipio español “antitaurino”. A declaración, á que seguiría unha gran polémica, foi aprobada nun pleno na que se recoñecía que os animais están dotados “de sensibilidade psíquica, ademais de física”. A declaración institucional, a primeira destas características que se aproba en España, votouse en secreto e saíu adiante con 21 votos a favor (correspondentes,

presumiblemente e segundo as posicións expresadas no pleno, ós concelleiros de ERC, CIU, ICV-EUiA e algúns do PSC), 15 en contra (PPC e algúns do PSC) e dúas abstencións.

Esta decisión do pleno do Consello Municipal non supoñía a prohibición das corridas de touros na capital catalá, xa que a competencia lexislativa nesta materia corresponde ó Parlament, onde no 2003 se aprobou a Lei Catalá de Protección dos Animais que, entre outras cuestións, prohíbe o acceso ás corridas de touros ós menores de 14 anos.

Na capital catalá celébranse

corridas de touros na Praza Monumental, especialmente entre maio e setembro, aínda que recentemente se anunciou que pecharía para acoller espectáculo de touros.

Ao parecer, a decisión – que alporizou os seareiros do toureo de toda España e a moitos nacionalistas españois – non se debe porén a unha mentalización respecto dos dereitos dos animais senón, máis ben, a unha cuestión económica: a Praza de Touros de Barcelona arrastraba un avultado déficit e os seus empresarios optaron por non apontoar máis as perdas.

Manifesto antitaurino

Ecoloxistas en Acción

A continua tiranía que o ser humano exerce sobre os animais maniféstase en múltiples aspectos que calquera pode contemplar día a día. Pero quizais o que maior rexeitamento pode causar nunha persoa sensible é o espectáculo taurino. Ademais de exercerse un acto de abuso cara a un ser indefenso, este prodúcese coa complicidade e conivencia das altas instancias, dos medios de comunicación e do público que alenta acirra e apoia.

Dicimos que o touro é un ser indefenso porque por moitas hastas e forza que teña xamais poderá vencer a intelixencia, o número e os medios que o ser humano vai poñer na arena para acabar con el tras exercer uns

o estereotipo do toureiro e a festa dos touros é unha secuela que nos ancora nun pasado que por todos os medios estamos intentando deixar atrás. A imaxe de bárbaros e país violento e atrasado non nola quita ningún. Sí é certo que os turistas acoden ás prazas de touros, por curiosidade e sen saber exactamente que é o que acontece dentro. Moitos non son capaces de ver terminar a corrida e saen arrepiados, sobre todo se se atopan preto da arena, onde os detalles das feridas que vai sufrindo o touro son máis evidentes. Tan Dantesco é o espectáculo que Televisión Española ten prohibido ós seus cámaras e realizadores o tomar planos curtos do touro durante a faena.

rdL | 7
Galicia Hoxe 18/01/07



coidados e moi elaborados actos, que algúns chaman arte e estética, cuxo fin non é máis que o ir esnaquizando o seu corpo ós poucos para así convertelo nun guiñapo sanguento a mercé do toureiro.

Quizais algún pense que o touro nace para morrer na praza e que sen Festa nos ruedos a especie extinguírase. Para calquera que respecte os animais o predeterminar a unha serie de individuos para ser masacrados é como mínimo un acto de crueldade premeditada. O touro de lida é un bóvido cuxa bravura non é máis que a selección que os gandeiros fixeron ó longo de moitos séculos e que acrecentaron incentivando os seus trazos violentos desde que o animal nace. Aínda así moitos touros de lida son tachados de mansos ó chegar á praza de touros e sufrirán aínda mais castigo se cabe pola súa falta de “bravura”.

Os medios de comunicación véndennos que fóra de España a festa dos touros é admirada. Nada máis lonxe da realidade. Calquera que trate con estranxeiros darase de conta de que

A declaración de cidades e pobos “anti-taurinos” foi un paso importante para comezar a demandar unha verdadeira revisión do que é cultura e tradición en España. A pesar dos esforzos que o mundo taurómico está despregando, a gran maioría da sociedade española está posicionada, claramente, en contra das corridas de touros. Un espectáculo cruel, sanguento e violento non pode ser considerado “Festa nacional” de ningún país que se considere civilizado. Os impostos que todos pagamos non poden seguir alimentando unha festa baseada na crueldade e tortura cara aos animais.

Os personaxes públicos deben reformularse que imaxe están dando acudindo ás matanzas de touros, sobre todo se o fan de forma oficial e asumindo o papel de representantes sociais. ¡Xa abonda de costumes violentos e sangrentos!

¡Xa abonda de financiar a tortura de animais!
¡Xa abonda de explotación animal!

Outro Mundo é posible

Coordinación: A.R. López, S. Noia, Montse Dopico. Deseño: Signum. En portada, o Oretga Cano matando un touro



25 XANEIRO DO 2007 - NÚMERO 653

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



**Escritores:
a base da pirâmide**

¿Deberían deixar de percibir subvencións as editoriais que en Galicia non pagan dereitos de autor? Esa é unha pregunta que deixan no aire Marilar Aleixandre ou Santiago Jaureguizar neste monográfico de Revista das Letras onde se analiza a situación dos dereitos dos escritores no país. Cunha cifra do dez por cento de beneficio que reciben sobre o prezo dun libro, os autores teñen a sensación de que eles sosteñen a industria editorial e, a cambio, reciben faragullas. E é que o oficio de escritor non resulta nada produtivo: os que poden vivir do seu traballo en Galicia cóntanse sobradamente cos dedos da man, moitísimos menos, por exemplo, que os profesionais do teatro. Unha hora de traballo sáelle ao escritor a un céntimo. É dicir, nun día de oito horas de traballo gañaría o oito céntimos... ¡Unha auténtica ruína! Ante esta situación, moitos escritores sinalan que a profesión está en vías de extinción pola inxustiza do sistema, mentres outros salientan que debe reconcibirse o prestixio dos profesionais para garantir un mínimo de dignidade. Algúns critican que os medios de comunicación transmitan a imaxe dos escritores como forrichas, pero o certo é que o traballador da literatura é o peor pagado da base da pirámide na industria cultural... Os testemuños que reproducimos a continuación conforman un complexo mapa desta inxustiza.

Dereitos de autor

Montse Dopico/ A.R. López

O dereito de autor e os dereitos conexos son esenciais para a creatividade humana ao ofrecerlles aos autores incentivos en forma de recoñecemento e recompensas económicas equitativas. Este sistema de dereitos garántelles aos creadores a divulgación das súas obras sen temor a que se realicen copias non autorizadas ou actos de piratería. Á vez, isto contribúe a facilitar o acceso e a intensificar o desfrute da cultura, dos coñecementos e do entretemento en todo o mundo.

A Organización Mundial da Propiedade Intelectual explica con estas palabras na súa páxina web os motivos polos que se protexe o dereito de autor. Os creadores detentan, segundo este organismo, o dereito exclusivo de utilizar ou autorizar a terceiros a que utilicen a súa obra. O autor pode prohibir ou consentir a reprodución, interpretación ou execución pública, gravación, transmisión, tradución e adaptación. Os creadores adoitan venderlles os dereitos das súas obras a particulares ou a empresas para a súa comercialización a cambio do pago dun importe, que en España anda polo 10% dos beneficios obtidos polas vendas.

A Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega recolle tamén na súa web un resumo da lexislación vixente neste eido. “A propiedade intelectual”, explica este colectivo, “protexe as creacións orixinais produto do intelecto e correspóndelles aos autores das mesmas obras polo mero feito de crealas”. Os dereitos de autor son, por outra banda, as “facultades, morais e de explotación, que se lle recoñecen ao autor dunha obra orixinal”. Por último, os dereitos de explotación dunha obra duran toda a vida do autor e 70 anos despois da súa morte, prazo tras o cal pasa ao dominio público.

Os dereitos morais son “irrenunciábeis e inalienábeis”, mentres que os dereitos patrimoniais ou de explotación facultan o autor para cederlle a terceiros o dereito de distribuír, comunicar

publicamente e transformar –traducir, adaptar...– a súa creación.

Porén, todas estas fórmulas legais non se traducen moitas veces en realidade, segundo denuncian os escritores galegos consultados. Tanto é así, que chegan a non percibir nunca os cartos que lles corresponden polos dereitos de autor. Estes incumprimentos dos contratos acordados supoñen, para a maioría, máis unha falta contra a súa dignidade como creadores que un problema meramente económico. Aínda que asuman que non van poder vivir da súa escrita, e reafirman o seu compromiso coa cultura e coa lingua galegas, non se resignan a regalar o seu traballo ou, polo menos, reclaman poder decidir cando facelo por propia vontade.

Os problemas que xiran en torno aos dereitos de autor constitúen só un dos aspectos dun eido moito máis amplo, o da deficiente normalización da lingua e da cultura galegas, coa conseguinte ausencia dunha industria cultural desenvolvida. Os autores son conscientes disto, mais non consideran que este feito xustifique que lles rouben os seus dereitos.

O presidente da Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega (AELG), **Cesáreo Sánchez Iglesias**, ofrece coas súas declaracións unha axeitada introdución ao tema. “A relación dos autores

coas editoriais”, asegura o poeta coruñés, “ten que ver coa normalidade editorial que haxa nun país, e aquí a industria editorial está aínda en vías de consolidación. Os escritores precisan que haxa unha industria editorial sólida e viable, capaz de competir nos diversos mercados do libro. Cada autor chega a un acordo coa editorial, e no caso de incumprimento a asociación pode prestarlle asesoramento xurídico. O normal é que a s editoriais non incumpran. Ademais, cada xénero literario leva emparellada a súa propia problemática”.

rDL | 3
Galicia Hoxe 25/01/07



A historia do dereito

Os dereitos de autor naceron no século XVIII. Neste século, os editores ingleses argumentaban a existencia dun dereito a perpetuidade a controlar a copia dos libros que lle adquiriran aos autores. Isto implicaba que só eles podían imprimir copias das obras sobre as cales tiñan o *copyright* ou dereito de copia. En 1790, o Congreso de Estados Unidos promulgou a primeira lei sibre *copyrihgt* que protexía as obras por un prazo de catorce anos. Mentres en Estados Unidos o *copyright* se converteu nun dereito de propiedade comerciábel, en Francia e Alemaña desenvolveuse o dereito de autor. A Asamblea Nacional de Francia aprobou a primeira lei de dereitos de autor ao final da Revolución Francesa. En 1790, as obras protexidas pola lexislación de Estados Unidos outorgáballe ao autor o dereito exclusivo a publicar as súas obras, o cal impedía reimprimilas sen permiso.

Variacións entre países

A lei sobre dereitos de autor muda segundo o país, sobre todo no referido aos seguintes aspectos: o prazo de protección, a situación das obras do Estado e o tipo de material suxeito a dereitos de autor. En Canadá, os dereitos de autor están vixentes toda a vida do escritor e prolóngase 50 anos despois da súa morte. En Dinamarca, considérase que a obra ten que amosar algún tipo de orixinalidade para ser considerada como tal. En México, os dereitos patrimoniais están vixentes durante toda a vida do autor e máis 100 anos despois do seu falecemento. En España, a Lei de Propiedade Intelectual data do 1987, e tras algunhas reformas e a aprobación de varias normas especiais, en 1996 levouse a cabo unha refundición, que despois foi obxecto de modificacións. Na India, as imaxes publicadas hai máis de 60 anos están no dominio público.

Cesáreo Sánchez opina que se deron nos últimos anos “avances legais importantes na defensa dos creadores en xeral”. O representante dos escritores galegos salienta, por outra banda, que “o que fai dano a todos é a reprografía pirata., aínda que tamén é certo que quizais os prezos deberían ser máis baixos”. Sánchez reitera o “destino común” de editores e escritores. “Se non hai editoras sólidas é difícil a publicación. Pero sería un mal negocio que os que achegan a materia prima, os escritores, fosen os máis prexudicados de todo o proceso”, comenta. Vivir do seu traballo é unha posibilidade que a enorme maioría dos escritores galegos xa non se propoñen. “Un narrador podería vivir do que escribe, un poeta non, e ademais eu creo que os poetas teñen que estar inmersos na vida, tendo un traballo como calquera cidadán, que lle deixe tempo para escribir e para formarse”, entende Sánchez.

Nunha sociedade na que o prestixio social vai moi aparelado ao poder económico, a figura do escritor corre o risco de camiñar cada vez cara a unha maior desvalorización. O coordinador da Asociación de Escritores en Lingua Galega indica sobre isto que “un dos eixos vertebradores do meu traballo na presidencia da asociación é loitar pola visibilidade social do escritor. No tempo da imaxe e do audiovisual, é moi importante que na iconografía social estea presente a figura do escritor. O creador ten que ser un referente social, ter e expresar opinión social e política. O escritor non berra, como nas tertulias de televisión, senón que fala, vehiculiza contidos, pensamento que foi acrisolando durante a súa formación constante e infatigábel. É responsabilidade de cada xeración poñer ó día o seu idioma literario. O escritor ten que volver a vehiculizar o pensamento ético e político e non por iso ser mirado como unha persoa que

desmerece literariamente”.

Cesáreo Sánchez non se amosa, a pesar de todo isto, pesimista sobre o futuro dos autores do país. “Todo tempo tivo a súa dureza para os escritores”, di. “Neste momento, a cantidade de premios que está a haber está a abrir camiño para a xente que comeza”. Ademais, as novas tecnoloxías abren, segundo Sánchez, novas posibilidades. “Os blogs están dando a posibilidade de que unha persoa sexa coñecida. No momento en que chega a publicación, pode haber detrás todo un traballo previo de edición na rede. Nós mesmos estamos preparando un centro de documentación”.

Alfonso Sanmartín, presidente da Asociación Galega de Editores (AGE), recoñece que a situación dos escritores “non é a ideal” en canto aos emolumentos que reciben pero tamén subliña que Galicia non é un caso excepcional: “dáse en todo o mundo e todos, tanto autores como editores, desexariamos gañar máis”. Chegado o punto, Sanmartín non dubida en cualificar de “penoso” o feito de que os escritores “deban resignarse a non poder vivir do seu traballo” e logo puntualiza que eses “afortunados escritores” non están ligados case nunca ao coñecemento –“porque na edición hai moito de compromiso ideolóxico e cultural– senón aos best-sellers. E nun tempo non moi lonxano –agoira– “esperemos tamén que en Galicia aparezan eses best-sellers e haxa máis escritores vivindo do que escriben”.

Respecto do feito de que algunhas editoras non paguen dereitos de autor, Sanmartín indicou que desde a AGE non teñen coñecemento destas prácticas”. O que si existe, engade, “son relacións persoais entre o autor e editora ou que, por circunstancias concretas, as editoras estean aínda consolidándose e os autores decidan axudalas nesa consolidación renunciando aos seus dereitos económicos”.



Alternativa. Creative commons é unha ONG que tenta crear un modelo legal de ferramentas informáticas para facilitar a distribución e o uso de contidos para o dominio público. Ofrece unha serie de licenzas, cada unha con diferentes principios como o dereito do autor orixinal a dar liberdade para citar a súa obra, reproducila, crear obras derivadas, ofrecelo públicamente e con diferentes restricións como non permitir o uso comercial. Unha das posibilidades é unha licenza que permite que os dereitos de autor se cobren só no primeiro mundo, mentres que estas se ofrecen de forma aberta nos países en vías de desenvolvemento.



Usuarios. Denomínase *copy left* a unha serie de dereitos que seguen unha filosofía contraria ó *copyright*. Consiste en ofrecer un traballo xunto cunha licenza ou contrato que estipula que cada propietario dunha copia pode usala sen limitacións, redistribuíla e modificar o orixinal. O licenciario do traballo autorizado en *copyleft* só pode redistribuílo a través da mesma licenza de *copyleft*. Outra das alternativas é a autoedición, que ten a desvantaxe da súa carestía económica para os autores.


Marilar Aleixandre amósase moi crítica coas editoriais. Segundo esta escritora, “o problema non é tanto legal, senón que en Galiza hai moitas editoriais que pasan olímpicamente dos dereitos de autor e os escritores deberíamos deixar de traballar con elas. Hai editoras que se basean en que noutros tempos escribir en galego era unha cuestión de militancia”. Ao seu xuízo, “unha empresa, por pequena que sexa, non pode vivir da estafa, do calote. A Administración tamén debería tomar medidas non concedendo axudas a estas empresas. Outra cousa é se hai un pacto previo de que non che van pagar e ti aceptas. Pero o que non pode ser é que haxa un contrato, cuns dereitos, e que despois o tiren á papeleira. Ademais, é un modo de estafar as outras editoriais que si cumpren. Se a editorial é pequena e non lle dan as contas, pois terá que pensar en facer outra cousa. Tamén hai editoriais sen ánimo de lucro, e os escritores non temos reparos en participar nese tipo de proxectos”.



Para **Alfredo Conde** “non é certo que a xente lea pouco. O que ocorre é que o panorama editorial está moi desmadrado. Hai editoriais que sacan máis dun libro ao día, e arredor delas hai unha cantidade de xente enorme que cobran un salario e teñen unha seguridade social. Existe hiperprodución e o criterio non é a calidade, senón a audiencia, os gustos da masa. Se queres facer arte, é moito máis complexo, hai que arriscar e ter sorte”. Conde subliña a necesidade de “adaptarse” ante as novas situacións: “Eu manexo o libro, pero as xeracións máis novas cada vez ven máis imaxes e haberá un día que o escritor traballe co seu ordenador na casa e sexa o creador total, debuxando, escribindo.... Entón cambiará moito a cousa”. Este autor propón outra reflexión: ¿Cantos editores teñen un soldo a fin de mes, e cantos escritores viven do seu traballo?. Os escritores non viven das súas obras, afirma, senón das colaboracións en xornais, conferencias ou do salario que gañan cos seus empregos.



Fran Alonso, que expresa a súa opinión “como escritor”, destaca que “a porcentaxe do escritor é algo estipulado internacionalmente, difícil de cambiar. Hai que ir por outro camiño: Reivindicar a profesionalización, que o escritor perciba unha remuneración polo seu traballo”. Pero para facer posible iso, indica, “ten que existir unha cultura sólida e asentada, e unha industria que efectúe os pagamentos”. Segundo Alonso, convén distinguir “entre a necesidade de que o escritor perciba unha remuneración polo seu traballo e que o autor viva do seu traballo, que son cousas distintas. O motivo de que non se poida vivir disto é o estado de anormalidade no que se atopa a cultura galega. Tamén é un problema de normalización llingüística”. Internet, asegura, é unha boa ferramenta para espallar a lectura e no futuro “virá o libro electrónico”. Iso non implica que o libro en papel desapareza porque “os referentes da cultura seguen a estar arredor do libro, non hai teatro e cine sen libro, todas as políticas culturais teñen que pasar polo libro”.






“A porcentaxe que lle corresponde ao autor é baixa: aproximadamente un 10%. E máis baixa aínda se a comparamos co 30% do libreiro e o 40% do distribuidor”, comenta **Yolanda Castaño**. “E o peor é que nalgúns casos o único que non cobra é o autor”, engade. “Na poesía a venda é tan baixa que o valor do que cobras é mais ben simbólico. Os ingresos veñen máis dos recitais, charlas, conferencias, pero que non che paguen vai contra a túa dignidade como creador”, explica. Canta máis profesionalización academos mellor, pois iso pode ser unha garantía de calidade literaria, aínda que non necesariamente, a profesionalización non é unha garantía de calidade”, entende. “Eu atópome nunha situación privilexiada, non teño queixa, sempre cobre o que me correspondía por dereitos de autor. Non é que ninguén vaia vivir destes dereitos, nin sequera os narradores, pero iso non significa que teñas que resignarte a non cobrar, aínda que sexa unha porcentaxe modesta. O que non pode ser é que só renuncien os escritores, e os demais cobren”, conclúe.



“A min gustárame vivir do que escribo, pero a razón non está só nos dereitos de autor. A poesía é un xénero minoritario, e ademais son poeta en Galiza. Aínda que se multiplicaran as vendas sería imposible”, di **Chus Pato**. “Para vivir da poesía teríamos que cambiar a sociedade. As novas tecnoloxías poden supoñer unha vantaxe para a difusión e internet é unha fórmula para conseguilo”.



Diego Ameixeiras afirma non ter problemas para cobrar os seus dereitos: “Como en calquera traballo, hai un contrato, e se non se cumpre é unha razón para denunciar”. “En canto ás condicións legais, son moi mellorables, os autores deberían cobrar moito mais. Nunca me propuxen vivir das miñas novelas, pero se o quixese tería que vender moitos libros”.



Suso de Toro salienta que “coas leis pretendemos poñerlle límites á realidade. Coas novas tecnoloxías é moi difícil limitar e controlar a difusión, e isto pásalle á música, ós filmes, e vaille pasar á literatura escrita. Os autores temos que aceptar esa realidade, e buscar un modo de obter beneficios do noso traballo. Un artista ten dereito a cobrar polo seu traballo, pero non imos poder evitar os cambios. En dous ou tres anos, as obras vanse vender a través da rede. Vai aparecer pronto un soporte que se poida ler sen fatigar tanto a vista, no que poidas levar moitos libros e descargalos nun ordenador”. “As novas tecnoloxías non van supoñer a desaparición do artista, nin vai ter que deixar de vivir do seu traballo, só que terá que buscar outros xeitos de sacar beneficios, como fan os músicos cos concertos, por exemplo. Todos estes cambios si lles van afectar ás artes gráficas, ese é un perigo moito máis real. Na música ocorre ao contrario, internet axuda incluso a que se difunda máis”, cre este escritor galego.

Rosa Aneiros asegura que os dereitos de autor non son un problema de lei senón de incumprimento desa lei. Aínda que existen casos claros nos que non se respectan os contratos, a autora de *Resistencia* considera que nos últimos anos “mellorou moito a situación en Galicia e agora hai moita máis conciencia e respecto polos dereitos de autor”. Para Aneiros, debería haber unha maior profesionalización no ámbito editorial, “con máis apoio á hora de presentar o libro ou a nivel de promoción”. Unha das cuestións que máis a incomoda é que, con frecuencia, “os medios de comunicación presentan os escritores como se fosen uns peseteiros e como se estivesen continuamente atacando os editores, cando en realidade o único que queren os escritores é que se recoñeza o seu traballo”. Ela remarca, como exemplo de xenerosidade, que os escritores colaboran en cento de iniciativas polas que nunca cobran e nunca pedirían cobrar.



A poeta e narradora **Marica Campo** asegura que ela nunca tivo problemas cos dereitos de autor e foi cobrando normalmente. Ao seu xuízo, a cuestión fundamental é que “os libros non se venden e o editor non che paga até que, precisamente, se venden”. Campo considera que os escritores non poden “asinar cláusulas que despois non se van poder cumprir” e propón un sistema máis práctico: “Sería mellor que a editorial che marcara un mínimo de exemplares a vender e que che pagara a partir de aí”. Con todo, ela é comprensiva coa situación das empresas en Galicia, pois “tamén pasan moitos apuros e todo este problema, de editoras e máis de dereitos de autor, responde a que non temos unha cultura normalizada”. O poeta e dramaturgo **Miguel Anxo Fernán Vello** é conciso na súa valoración da cuestión: “En Galicia non existe un mercado que permita fluidez de vendas, sobre todo en ámbitos como a poesía, e iso connota especificamente a situación”.



Jaureguizar, un dos escritores do país con maior éxito de vendas, é tallante: “Hai moitas editoras que pretenden comportarse dun xeito profesional á hora de recibir subvencións pero non á hora de pagarlles aos autores”. Recoñece que a situación das editoriais en Galicia é moi complicada pero considera que “as editoriais que non lle pagan aos escritores non deberían recibir axudas públicas”. O escritor lamenta que exista “unha dobre imposición sobre os autores”. É dicir, “que cando dan conferencias, por exemplo, hai un 15 por cento do total que xa non perciben e que, logo, cando fas a declaración da renda, Facenda che volve cobrar. Paréceme fatal”. Para o autor de *Casa Skylab*, internet é un instrumento que abre portas e os autores poden decidir se publican alí os seus textos. El, en concreto, non o fai “porque non me resigno a regalar os meus textos”. Tampouco cre que a xente vaia escribir menos por unha situación tan ingrata para a profesión do escritor, pero recoñece “unha gran falta de respecto polo seu traballo”.



Coordinación: A.R. López, S. Noia, Montse Dopico. Deseño: Signum.

